



ROSAS

UN CORAZÓN DE VIENTO

Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2018

Depósito Legal: C 1937-2018

Este conto fíxose durante a actividade O Conto Viaxeiro do Concello de Santiago de Compostela (contoviaxeiro.santiagodecompostela.org) ao longo do curso 2017-2018.

Nel participaron as rapazas e rapaces dos CEIP das Fontiñas, Lamas de Abade, Pío XII, Quiroga Palacios, Ramón Cabanillas, Mestre Rodríguez Xixirei e dos Colexios San Jorge e San José de Cluny.


ROSA

UN CORAZÓN DE VENTO

Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2018

Rosa é unha superheroína de pelo azul con mechas verdes que ten superpoderes.






Teletransportación, bomba de purpurina,
camuflaxe, pode voar, converterse en calquera
animal e é inmortal!

Para iso emprega un superconxuro:

*1,2,3, Rosa ao poder
4,5,6, patas de cempés
7, 8, 9, 10!
Os poderes aparecer!!!*





BAM!

Rosa vivía na galaxia Bombai, no **País Multicolor**, no castelo de larpeiradas.

Pola mañá alomorzaba madalenas con nubes, poñía o traxe especial e ía ver se o seu **Gato Robot** detectara algún perigo na Terra. Se non había ningún perigo, ía xogar.

Despois comía unha torta con pebidas que a poñían superforte e volvía loitar contra o crime ata a noite. Sempre na compañía do coello **Maro Boli**, que tiña unha pistola de cenorias.

Coñecéranse loitando
contra o **NENÉ CHOROMICA**,
que tiña unha pistola de
auga que recargaba cando
choraba.






BAM!
BAM!

Aquela mañá **ROSA**
escoitou a sirena do
GATO ROBOT!

Foi correndo á cociña,
colleu unha madalena de
nube e un anaco de torta
de pebidas. Puxo o seu
traxe e, no **GATO ROBOT**,
viu que o **NENÉ CHOROMICA**
estaba inundando o castelo!






Xa estaba alí o coello
MARO BOLI e lanzáralle
unha cenoria para telo
entretido.


ROSA intentou falar con
NENÉ CHOROMICA e este
confesoulle que se
comportaba mal e choraba
porque dunha vez que
ROSA salvara a Terra,
seus **PAIS** morreran pola
súa culpa...





Ao oír isto, **ROSA**
quedou paralizada
e **NENÉ CHOROMICA**
aproveitou para
comer o seu castelo
de larpeiradas!!!





MARO BOLI fixo que **ROSA** acordase, pero xa era demasiado tarde e o castelo estaba desfeito: o chocolate derretido, as lambetadas abertas, as nubes molladas... **ROSA** exclamou enfadada:

– Xa non se pode vivir aquí!!

O **NENÉ CHORMICA** mirou para **ROSA** e botou pola boca unha pequena piruleta. Despois fuxiu.

ROSA viu que no envoltorio había unha nota que dicía:

*Se non queres loitar comigo, tráeme aquí
a xoia máxica do poder da respiración.*

*Asinado: o teu inimigo,
o Nené Choromica.*





A superheroína non sabía que facer, non tiña nin idea de que era aquela xoia...

Foi correndo preguntarlle ao seu **GATO ROBOT** e el díxolle que a **XOIA MÁXICA DO PODER DA RESPIRACIÓN** estaba dentro dunha **PLANTA CARNÍVORA**, no bosque encantado, no **PAÍS DO VENTO...**

ROSA foi ao seu laboratorio secreto, acendeu o seu súper ordenador **OCTOPUS** e buscou información sobre o camiño desde o **PAÍS MULTICOLOR** ata o **PAÍS DO VENTO.**




Descubriu que tiña que pasar por cinco reinos: **REINO VEXETAL**, **REINO DA MODA**, **REINO ANIMAL**, **REINO DA MÚSICA** e **REINO DE COCOLANDIA**.

Avisou o **GATO ROBOT** e **MARO BOLI** e dirixiuse a buscar o material da viaxe. Colleu roupa para cinco días e 10 *lambeuros*.

Foi ao **REINO VEXETAL**, pero ao chegar deuse conta de que tiña que superar unha proba para pasar: os habitantes amosáronlle vexetais descoñecidos para ela e tiña que adiviñar o seu nome!







Coles brillantes, brocosaltarinas, sandías lanzapebidas, chiles megapicantes, mandarinas expremedoras...

Ao velos, **ROSA** lembrou que cando ela era pequena, súa nai, que sabía moito de vexetais, ensinárallos todos. Foi dicindo o seu nome un a un e os habitantes do **REINO VEXETAL** aplaudíronlle abraiados.

Pedíronlle que fose a súa raíña, pero ela dixo que non, que tiña que ir ao **PAÍS DO VENTO** buscar a xoia máxica do poder da respiración.

Nese momento chegou o **REI DOS VEXETAIS** e abriulle as portas do Reino para que pasase.

ROSA entrou no **REINO DA MODA**, pero os seus habitantes non querían deixala pasar. Dician que non ía vestida como unha muller. Debía pór saia, roupa cinguida, zapatos de tacón...



A **RAÍÑA DA MODA** díxolle que tiña que percorrer o reino para atopar a roupa adecuada. Despois debía desfilas diante dos habitantes para que decidisen se podía pasar ao seguinte reino.

Pero **ROSA** respondeulle:

–Eu xa teño a roupa que me gusta. Non preciso andar polo reino adiante para buscar unha roupa incómoda! Teño unha misión!

E ademais, sabedes que? Podo voar!

E marchou voando...





Co **GATO ROBOT** e o coello **MARO BOLI** chegou voando ata o **REINO ANIMAL**.

Ao chegar viu que todos os habitantes eran medio humanos e medio animais.

O **REI OSO** apareceu e díxolle que se non era medio animal non podía pasar. Para iso, non servía o seu superpoder; tiña que percorrer o Reino todo e atopar as pocións que debía tomar para ser só medio animal.

ROSA atopounas todas, mesmo a última, que estaba na boca dun dinosauro, e atravesou o **REINO ANIMAL**.







Cando entrou no **REINO DA MÚSICA** xa era de novo **ROSA SUPERHEROÍNA**.

Pero os habitantes do **REINO DA MÚSICA** tampouco lle deixaron pasar. Debía adiviñar que peza de música estaba a soar: *laaa lala lala lala lala lala laaaala...*

–É o himno da Alegría –dixo **ROSA**.

–Sii! –dixeron os habitates– Como o adiviñaches? Sabes moito de música! Por favor, fainos unha canción!

–Non podo, teño que ir ao **REINO DE Cocolandia** –dixo Rosa.

E deixáronlle pasar.

LOCOZANA





Ao chegar ao **REINO DE Cocolandia** os que alí vivían propuxéronlle un novo reto: debía superar a marca de Cococomida, que consistía en comer pratos que levasen coco.

Rosa comeu e comeu e superou o reto con esforzo.






Pero cando rematou, doíalle moitísimo a barriga. Non podía moverse!

Chegou un **MÉDICO** do **PAÍS DO VENTO**, pinchouna no brazo e, cando se recuperou, levouna diante da **PLANTA CARNÍVORA**.


Tiña que loitar con ela para que lle dese a xoia.



Primeiro probou a darlle bechiños para que abrise a boca e coller a xoia, pero non o conseguiu.

Entón, usou o seu superpoder! Transformouse en hipopótamo e comeu a **PLANTA CARNÍVORA!**








De novo convertida en **ROSA SUPERHEROÍNA** comezou a tusir ata cuspir a cabeza da **PLANTA CARNÍVORA**.

Entón pediulle ao **MÉDICO**, que aínda estaba alí, que lle axudase a abrir a boca da planta para sacar a **XOIA**.

O **MÉDICO** abriulle a boca e nese momento saíu unha música heroica: *turururu ruruuuu!*





ROSA sacou a **XOIA** cun brazo articulado de metal.

A **XOIA** tiña forma de corazón cun rubí no centro (claro, é un dos órganos máis importantes do corpo, pensou **ROSA**).

Descubriu que se podía abrir. Cando o abriu, un refacho de vento saíu dela. Pechouna.

Cunha carreta abandonada e a cabeza da planta, **ROSA** e o **MÉDICO** construíron unha moto e nela foron buscar o **NENÉ CHOROMICA**.

Despois de pasar polo País de Pataca e Xamón, atopárono. –Onde está a **XOIA**? –preguntoulles.





ROSA amosoulle a **XOIA** e nese momento apareceron os **PAIS** do **NENÉ CHOROMICA!**

Déronlle unha aperta xigante ao seu fillo e falaron con el:

–**ROSA** non é mala, Nené; **ROSA** é boa. Devolveunos a vida. Ten bo corazón.

Entón **NENÉ CHOROMICA** aceptou:

–Xa non quero ser máis **NENÉ CHOROMICA**; agora son **NENÉ CONTENTO!**




Rosa demostroulle a Nené Choromica que non podemos xulgar as persoas sen coñecelas.

Ás veces debemos agardar ata descubrir o seu corazón de vento.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

contoviaxeiro.santiagodecompostela.org



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

contoviaxeiro.santiagodecompostela.org